

O TEMPO HISTÓRICO

A Historia é a ciencia que estudia e dá a coñecer o pasado da especie humana desde que esta apareceu no noso planeta. Non só atende aos feitos ou acontecementos que homes e mulleres coñeceron e viviron, senon tamén aos procesos, á evolución dos mesmos, ata chegar ata o presente, intentando comprendelo. Nunca saberemos cara onde nos diriximos sen coñecer de onde vivimos.

E todo ocorre nunha **dimensión xeográfica, espacial**: en algures o home e a muller traballa, caza, vive, loita. Os feitos históricos sempre ocorre en tal ou cual lugar: África primeiro, Mesopotamia, Exipto ou a India despois, a Grecia de Pericles e a Roma dos cézares, a Europa das catedrais,

E todo pasa, vai pasando, nunha **dimensión temporal**: o tempo transcurrido. Todos sabemos que é o tempo, ... pero o difícil (imposible?) é explicalo.

Sesenta segundos fan un minuto; sesenta minutos completan unha hora; 24 horas – as necesarias para que a Terra dea unha volta sobre si mesma – enchen un día que, un tras outro, van dando paso ás semanas e aos meses; unha dúcia destes suman un ano, o que o noso planeta tarda en dar unha volta arredor do Sol; cinco anos son un lustro, dez son un decenio, cen un século, e mil un milenio.

O CALENDARIO.

O calendario é esa táboa que todos usamos na que aparecen os días, semanas e meses do ano. A súa orixe tal e como hoxe o coñecemos está en Xulio César, que no 46 a.C. dividiu o ano en 365 días de 24 horas divididos en 12 meses. Engadíase un día máis cada 4 anos: é o ano bisesto. Recibe o nome de **calendario Xuliano**.

En 1582 o Papa Gregorio XIII fixo pequenos axustes a este calendario: **calendario gregoriano**, o usado hoxe en día.

AS ERAS HISTÓRICAS

Para contar os anos necesitamos un punto fixo de referencia; a ese punto chamámoslle Era. As dúas Eras máis importantes e coñecidas son:

- **Era cristiãna**. A que se soe usar en todo o mundo na actualidade. Toma coma punto de partida o nacemento de Cristo (ano 1 da Era Cristiana). Todos aqueles acontecementos que tiveron lugar antes desa data aparecen con a.C. (antes de Cristo).
- **Era musulmana ou hégira**. Comeza no ano 622 da era cristiãna, ano da fuxida de Mahoma de A Meca a Medina. Para converter os anos da era musulmana á cristiãna, debemos ter en conta que os musulmãs seguen o calendario lunar, polo que os anos teñen 354 días (11 menos que o ano solar).


AS ETAPAS HISTÓRICAS








A cronoloxía determina a orde temporal en que aconteceron os feitos históricos. Isto favorece o estudio da historia, fai máis fácil a súa comprensión. E non só situando os feitos no tempo, senon que tamén encadrándoos en períodos ou “ etapas históricas” de similares características.

A primeira división é a determinada pola existencia de documentos escritos, da escritura:

- **Prehistoria**: non hai fontes escritas, senon que podemos estudar a historia sóa a traves de fontes arqueolóxicas, restos físicos que a humanidade foi deixando: restos óseos, utensilios varios, armas, cerámica, pintura escultura, arquitectura ...
- **Historia**: a escritura como forma de comunicación naceu hai entre 5 e 6.000 anos en Mesopotamia e Exipto. Favoreceu definitivamente o estudio dos feitos históricos.

Cada un destes períodos subdivídese en etapas de similares características sociais, económicas, políticas, culturais, artísticas



	Etapa	Ano de comenzo	Feito que marca o inicio	Características
PREHISTORIA	PALEOLÍTICO 	2.000.000 a.C.	Orixe do home	Idade da pedra tallada. Etapa depredadora: os recursos obtéñense directamente da natureza a través da caza, pesca e recolección.
	NEOLÍTICO 	9.000 a.C.	Agricultura e gandería	Idade da pedra pulimentada. Comenza a etapa productiva: agrícola e gandeira
	IDADE DOS METAIS 	4.500	Cobre	Nuns lugares xa están en pleno periodo histórico (Mesopotamia, Exipto), mentras que outros aíns están na Prehistoria (a península Ibérica e Galicia, p.ex.)
		2.200	Bronce	
1.500		Ferro		
HISTORIA	IDADE ANTIGA 	4.000 a.C.	Aparición da escritura	As primeiras civilizacións mesopotámica e exipcia. Desenvolvemento das civilizacións grega e romana. Etapa de economía escravista
	IDADE MEDIA 	476 d.C.	Caída do Imp. Romano	Época do feudalismo, dos señores e campesiños, de cabaleiros e vasalos, da expansión do cristianismo, do nacementos dos reinos europeos.
	IDADE MODERNA 	1453 d.C.	O imperio turco conquista Constantinpla	Europa conquista o mundo, os reis teñen poder absoluto, a economía comercial toma auxe.
		1492 d.C.	Desc. de América	
I. CONTEMPORÁNEA 	1.789 d.C.	Revolución Francesa	O mundo transfórmase: etapa industrial e capitalista, sociedade de clases, liberalismo.	

Imos facer agora unha liña do tempo (eixo cronolóxico).

PREHISTORIA	PALEOLÍTICO	2.000.000 a.C.	Orixe do home
	NEOLÍTICO	9.000 a.C.	Agricultura e gandería
HISTORIA	IDADE ANTIGA	4.000 a.C.	Aparición da escritura
	IDADE MEDIA	476 d.C.	Caída do Imp. Romano
	IDADE MODERNA	1492 d.C.	Desc. de América
	I. CONTEMPORÁNEA	1.789 d.C.	Revolución Francesa

Pega 3 folios en sentido horizontal, un detrás do outro. A continuación fai unha liña de 80 cms no centro. Cada 100 anos = 7 mm.